

3 poemas de Jorge Luis Borges [por que non] traducidos a galego

O terceiro home

Dirixo este poema
(polo de pronto aceptemos esa palabra)
ao terceiro home que se cruzou comigo antonte á noite,
non menos misterioso que o de Aristóteles.
O sábado saín.
A noite estaba chea de xente;
houbo sen dúbida un terceiro home,
como houbo un cuarto e máis un primeiro.
Non sei se nos ollamos;
el ía a Paraguai, eu ía a Córdoba.
Case veñen de procrealo estas verbas;
nunca saberei o nome seu.
Sei que hai un sabor que prefire.
Sei que ollou lentamente a lúa.
Non é imposible que morrera.
Lerá o que agora escribo e non saberá
que me refiro a el.
No secreto porvir
podemos ser rivais e respectarnos
ou amigos e querernos.
Executei un acto irreparable
establecín un vínculo.
Neste mundo cotián
que tanto se asemella
ao libro das Mil e unha Noites,
non hai un só acto que non corra a sorte
de ser unha operación da maxia,
non hai un só feito que non poida ser o primeiro
dunha serie infinita.
Pregúntome que sombras non arrebolarán
estas ociosas liñas.

Estfbaliz...Espinosa

The Cloisters

Dun lugar do reino de Francia
trouxeron os cristais e mais a pedra

para construír na illa de Manhattan
estes cóncavos claustros.
Non son apócrifos.
Son fieis monumentos a unha nostalxia.
Unha voz americana dinos
que paguemos o que nos pete,
porque toda esta fábrica é ilusoria
e os cartos que deixa a nosa man
convertirán en cequíes ou en fume.
Esta abadía é ben máis terrible
que a pirámide de Gizeh
ou que o labirinto de Knossos,
porque é tamén un soño.
Sentimos o rumor da fonte,
pero esa fonte está no Patio das Laranxeiras
ou no cantar *Der Asra*.
Sentimos claras voces latinas,
pero esas voces resoaron en Aquitania
cando andaba preto o Islam.
Vemos nos tapices
a resurrección e a morte
do sentenzado branco unicornio,
porque o tempo deste lugar
non obedece a unha orde.
Os loureiros que toco florecerán
cando Leif Ericsson dexergue as areas de América.
Sinto unha pouca vertixe.
Non dou afeito á eternidade.

Estfbaliz...Espinosa

A dita

O que abraza a unha muller é Adán. A muller é Eva.
Todo acontece por primeira vez.
Vin unha cousa branca no ceo. Dinme que é a lúa, pero que podo facer cunha palabra e
cunha mitoloxía.
As árbores danme un pouco de medo. Son tan fermosas.
Os tranquilos animais achéganse para que eu lles diga o seu nome.
Os libros da biblioteca non teñen letras. Cando os abro, emerxen.
Ao pasar as follas do atlas proxecto a forma de Sumatra.

O que prende un misto está a inventar o lume.
No espello hai outro que espreita.
O que mira o mar ve a Inglaterra.
O que profire un verso de Liliencron xa entrou na batalla.
Soñei Cartago e as lexións que desolaron Cartago.
Soñei a espada e a balanza.
Louvado sexa o amor no que non hai posuidor nin posuída, pero os dous entréganse.
Louvado sexa o pesadelo que nos revela que somos quen de crear o inferno.
O que descende un río descende o Ganxes.
O que mira un reloxo de area ve a disolución dun imperio.
O que xoga cun puñal presaxia a morte de César.
O que dorme é todos os homes.
No deserto vi a xove Esfinxe, que acaban de labrar. Nada hai antigo baixo o sol.
Todo acontece por primeira vez, pero dun modo eterno.
O que le as miñas palabras está inventándoas.

Trad. Estíbaliz...Espinosa